

**10 de abril de 2012.** Perante a insistencia da conselleira de Medio Rural e Montes Rosa Quintana en vender que non houbo recurtes na loita contra o lume, ADEGA tira de datos oficiais ( orzamentos públicos de 2012 na web da Consellaría de Facenda) para comprobar que a diminución das distintas partidas orzamentarias relacionadas coa xestión forestal é evidente dende 2009. A "perda" orzamentaria na Dirección Xeral de Montes, organismo competente na prevención e extinción de incendios, é no 2012 de máis de **45 millóns de euros** con respeito a 2009. Deles, **16 millóns de € corresponden á redución dos investimentos directos en prevención**. Quedan pois en evidencia as **mentiras recurrentes** dunha conselleira e o proceder dunha administración cómplice que prefire mirar ao ceo e chamar pola UME a traballar polo futuro dos nosos bosques.




| Programa | Descrición | Capítulo | 2009 | 2012 | Diferencia | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DIRECCIÓN XERAL DE MONTES | Todos | 193.278.894 € | 148.157.016 € | -45.121.878 € | -23,35 |
| 551B | Accións preventivas e infraestrutura forestal | | 110.257.984 € | 91.899.999 € | -18.357.985 € | -16,65 |
| | *Persoal* | 1 | 37.573.680 € | 39.309.456 € | 1.735.776 € | 4,62% |
| | *Investimentos directos* | 6 | 59.064.326 € | 42.990.543 € | -16.073.783 € | -27,21 |
| | *Axudas* | 7 | 9.500.000 € | 9.600.000 € | 100.000 € | 1,05% |
| 713B | Ordenación das producións forestais | | 71.773.543 € | 53.938.249 € | -17.835.294 € | -24,85 |
| | *Persoal* | 1 | 25.020.146 € | 23.529.769 € | -1.490.377 € | -5,96% |
| | *Investimentos directos* | 6 | 18.377.086 € | 11.430.776 € | -6.946.310 € | -37,80 |
| | *Axudas* | 7 | 28.376.311 € | 18.977.704 € | -9.398.607 € | -33,12 |

Como dicía José Saramago: *"As verdades hai que repetilas moitas veces, para que non veñan, pobres delas, a caer no esquecemento"*. Non se pode nin se debe negar a realidade, xa que os datos poden poñela na túa contra. Se comparamos os orzamentos do ano 2012 fronte aos do ano 2009 a perda orzamentaria da Dirección Xeral de Montes é de máis de 45 millóns de euros. Unha baixada do 23%, aínda que no 2012 fronte ao 2009  a Dirección Xeral de Montes perdeu as competencias na Industria Forestal e gañou o Centro de Investigacións de Lourizán, pola reestruturación de consellerías efectuada por Feijóo

no ano 2009.

**Os investimentos directos na prevención e extinción de incendios sufren unha caída do 27%** (baixada de 16 millóns de euros entre o ano 2009 e o 2012); aos que temos que sumar tamén a caída dun 37,8% (case 7 millóns de euros) nos investimentos nas producións forestais, que son no fondo tamén unha forma activa de facer prevención.

Rosa Quintana segue afirmando que o operativo antiincendios ronda os 95 millóns de euros desde o ano 2008, mais os matices orzamentarios falan doutros números. Así o concepto orzamentario de investimento prevención e extinción de incendios (11.06.551B.601.1) pasou de 21.851.205 euros no ano 2009 a 16.444.533 euros no ano 2012 (o que supón unha redución de case 5,5 millóns de euros ou equivalente a un 25%). Outra das partidas orzamentarias chave é a adicada a servizos externos para a extinción (11.06.551B.640.1), no que se inclúe o reforzo de verán através de SEAGA, que pasou de 29.700.000 euros no ano 2009 a 23.082.376 euros no ano 2012 (redución de 6.617.624 euros ou o equivalente a un 22,28%). Tan só se incrementa nun 4,62% a partida orzamentaria adicada a persoal laboral de extinción (fixo e fixo discontinuo), mais que choca coa caída do 5,96% no personal funcionairo: técnicos e axentes dos distritos forestais que tamén participan na prevención e extinción de incendios. E hai que ter en conta que persoal  fixo non se están cubrindo nin baixas nin xubilacións, o que supón que a  execución orzamentaria sexa menor. A conselleira tampouco menciona a redución  do reforzo de verán (actuacións destinadas a SEAGA e  extinción de  incendios) que é significativa con respeito ao ano 2009

Dende ADEGA sempre mantivemos que para reducir a incidencia dos lumes era millor investir en prevención que en extinción. A realidade demostra que aínda que a redución é patente nos dous ámbitos é moito máis acusada na prevención e ordenación de montes. Eis onde radica unha parte das responsabilidades da administración no problema dos lumes que a Xunta prefire agochar e camuflar con mentiras en lugar de afrontar.